

## CRITERIOS PARA A ELABORACIÓN DA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DE PERSOAL DOCENTE E INVESTIGADOR DA UNIVERSIDADE DE VIGO PARA O ANO 2017.

Os Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2017 establecen no artigo 19.2 as administracións e sectores nos que se fixa unha taxa de reposición do 100%. O apartado J deste artigo refírese ao persoal docente e investigador das universidades:

*“J) Plazas de los Cuerpos de Catedráticos de Universidad y de Profesores Titulares de Universidad, de profesores contratados doctores de Universidad regulados en el artículo 52 de la Ley Orgánica 6/2001, de 21 de diciembre, de Universidades, y a las plazas de personal de administración y servicios de las Universidades, siempre que por parte de las Administraciones Públicas de las que dependan se autoricen las correspondientes convocatorias, previa acreditación de que la oferta de empleo público de las citadas plazas no afecta al cumplimiento de los objetivos de estabilidad presupuestaria establecidos para la correspondiente Universidad, ni de los demás límites fijados en la Ley Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidad Presupuestaria y Sostenibilidad Financiera.*

*Dentro del límite de la tasa de reposición correspondiente a los Cuerpos de Catedráticos de Universidad y de Profesores Titulares de Universidad y a los profesores contratados doctores previsto en el párrafo anterior, cada Universidad estará obligada a destinar, como mínimo, un 15 por ciento del total de plazas que oferte, a la incorporación, en aquella categoría para la que esté acreditado, de personal investigador doctor que haya finalizado el Programa Ramón y Cajal y haya obtenido el certificado I3.*

*Las plazas de profesor contratado doctor que queden vacantes como consecuencia del acceso a un Cuerpo docente universitario, se podrán incluir en la tasa de reposición del ejercicio siguiente.”*

En aplicación deste apartado a Universidade de Vigo pode convocar 22 prazas de profesorado das que 3 deberán destinarse a persoal que teña finalizado o Programa Ramón y Cajal e dispoña do certificado I3.

O apartado 6 do antedito artigo 19 inclúe ás universidades entre os sectores e administracións que:

*“... podrán disponer de una tasa adicional para estabilización de empleo temporal que incluirá hasta el 90 por ciento de las plazas que, estando dotadas presupuestariamente, hayan estado ocupadas de forma temporal e ininterrumpidamente al menos en los tres años anteriores a 31 de diciembre de 2016.”*

En aplicación deste apartado a Universidade de Vigo pode convocar 12 prazas adicionais para o persoal contratado doutor interino que cumpre estes requisitos.

A modificación normativa introducida en setembro de 2015 (Real Decreto-lei 10/2015, BOE de 12 de setembro de 2015) permite a convocatoria de prazas de CU por promoción interna que non computan a efectos de oferta de emprego público anual.

Tendo en conta as consideracións anteriores a Universidade de Vigo convocará:

- (1) 24 prazas de Profesorado Contratado Doutor (PCD) ou Profesorado Titular de Universidade (PTU) nas áreas nas que existen prazas de PCD interino. Son as seguintes:

ÁREA	Nº PRAZAS
Expresión Gráfica na Enxeñaría	1
Ecoloxía	3
Fisioloxía Vexetal	1
Dereito Financeiro e Tributario	1
Xenética	2
Tecnoloxía Electrónica	1
Linguaxes e sistemas Informáticos	1
Nutrición e Bromatoloxía	1
Enxeñaría Cartográfica, Xeodésica e Fotogrametría	1
Organización de Empresas	1
Filoloxía Galega e Portuguesa	1
Enxeñaría Telemática	2
Enxeñaría Química	2
Química Física	1
Teoría do Sinal e Comunicacions	2
Historia Contemporánea	1
Debuxo	1
Dereito Mercantil	1

As prazas serán convocadas nos campus aos que están adscritas na actualidade as prazas de PCD interino.

- (2) 3 prazas de PCD ou PTU para persoal que teña finalizado o Programa Ramón y Cajal e dispoña do certificado I3 nas áreas:

ÁREA	Nº PRAZAS
Óptica	1
Filoloxía Inglesa	1
Edafoloxía e Química Agrícola	1

A COAP estudará a situación das áreas nos diferentes campus e decidirá a que campus quedará vinculada cada praza.

- (3) 7 prazas de PTU a convocar entre as áreas de coñecemento nas que existan solicitudes de profesorado que na data 31 de decembro de 2015 tivese a condición de profesorado contratado doutor. Os criterios de selección destas áreas serán aprobados nunha vindeira sesión do Consello de Goberno.
- (4) Un número de prazas de Catedrática/o de Universidade (CU) idéntico ao número de prazas de PTU que resulte das convocatorias dos apartados (1), (2) e (3) cun límite superior de 22 prazas.

## PROCEDEMENTO

As persoas que ocupan interinamente as prazas de PCD do apartado (1) e as persoas das áreas do apartado (2) da Universidade de Vigo que finalizaron o seu contrato Ramón y Cajal poderán optar pola convocatoria dunha praza de PCD ou PTU.

A solicitude do tipo de praza farase no modelo que se pode atopar en : [http://profesorado.uvigo.es/vicprof\\_gl/organizacion/impresos/](http://profesorado.uvigo.es/vicprof_gl/organizacion/impresos/) **antes do 20 de outubro de 2017**. En caso de non recibirse esta solicitude a praza convocarase de PCD.

Para facer efectivas as convocatorias as persoas que ocupen a praza seleccionada deberán solicitar a transformación da súa praza actual a unha de profesorado titular interino ou profesorado contratado doutor interino segundo corresponda (no caso de que non ocupen unha destas prazas no momento da solicitude). A solicitude, aprobada polo Consello de Departamento correspondente, deberá achegarse á **Vicerreitoría de Organización Académica e Profesorado (a través do rexistro xeral) antes do 20 de outubro de 2017**. A praza ocuparáa interinamente a persoa interesada ata a resolución do citado concurso.

DNA. ANA M GRAÑA RODRÍGUEZ, Presidenta da Comisión de Organización Académica e Profesorado (COAP), delegada do Consello de Goberno, da Universidade de Vigo,

## **FAI CONSTAR**

Que a COAP, na súa reunión do 3 de outubro de 2017, informa favorablemente sobre os criterios para a elaboración da oferta de emprego público de Persoal Docente e Investigador da Universidade de Vigo para o ano 2017.

E para que así conste e para os efectos oportunos, asino o presente documento en Vigo, a tres de outubro de dous mil dezasete.

